

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DO PARQUE MÓBIL DA CONSELLERÍA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural segundo o Decreto 112/2020, de 6 de decembro, polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.



Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

SEGUNDO.

Por outra parte, segundo o DECRETO 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida neste decreto.

A Secretaría Xeral Técnica a través da Vicesecretaría Xeral, exercerá as funcións de coordinación e apoio na dirección e xestión das competencias da Secretaría Xeral Técnica, a execución dos proxectos, obxectivos ou actividades e demais atribucións que lle sexan encomendadas pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, así como a súa suplencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Directamente, ou a través do servizo que nela se integra, desenvolverá entre outras funcións, a Coordinación do parque móbil da Consellería, sen prexuízo das competencias que corresponden a outros departamentos da Xunta de Galicia e coordinación das dotacións relativas aos recursos materiais da Consellería.

Para este labor de coordinación, dispónse dun sistema informático de apoio na xestión do parque móbil (PAMOB), xestionado e administrado pola Amtega, que permite a xestión no emprego dos vehículos asignados á Consellería, é que cómpre evolucionar, sendo necesario dispoñer de novas funcionalidades no devandito sistema de xestión da información que aporte unha mellor capacidade de xestión, mellorando a eficiencia no desenvolvemento desta coordinación.



Actualmente o sistema PAMOB (Parque Móbil) é unha aplicación que xestiona os diferentes gastos e os datos de vehículos do parque móbil e cubre entre outras as seguintes necesidades de alto nivel: Xestión e consulta de vehículos: altas e baixas dos vehículos, asignación as distintas unidades; adscricións, xestión de outros datos asociados (gastos, mantemento, seguros, ...); Xestión de facturas: listados de facturas (gastos, aluguer,...); Xestión de gastos en combustibles: rexistro/carga dos gastos en combustible con tarxetas SOLRED ou sen elas, asignación de tarxetas aos vehículos, ...; Xestión de alugamentos de vehículos: locais, vehículos, control facturas,...; Xestión de Informes seguimento (Menú que proporciona diversos listados de cara o seguimento do parque móbil: libramentos, seguros, ITV, incidencias, ...); Xestión do mantemento: xestión de datos mestres (empresas, aseguradoras, clientes SOLRED, usuarios, ...).

TERCEIRO. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Medio Rural e AMTEGA manifestan a súa vontade de colaboración e con tal fin asinan este acordo con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a Amtega para o desenvolvemento do proxecto “Evolución do Sistema informático para a xestión do parque móbil da Consellería de Medio Rural (PAMOB)”.

SEGUNDA. Financiamento

O importe da achega da Consellería de Medio Rural para a execución dos proxectos que se describen na cláusula terceira ascenderá a un máximo de (48.000 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que será obxecto de retención de crédito, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento:

Aplicación orzamentaria (Proxecto)	Ano 2021
14.01.711A 640.1 (2014 00616)	48.000 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para a anualidade 2021.

TERCEIRA. Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, levaranse a cabo as seguintes actuacións:



a) Desenvolvemento evolutivo e modificación da aplicación actual (PAMOB). A Proposta de evolución do sistema - orientada a que permita rexistrar o detalle das follas de ruta para permitir unha xestión a nivel persoa e vehículo – incluirá:

- Adaptacións e novas funcionalidades necesarias no sistema PAMOB para introducir unha nova xestión das follas de Ruta dende aplicación WEB existente, buscando o mellor encaixe posible na visualización existente da aplicación de xeito que se independice das xestións doutros conceptos xa existentes
- Nova aplicación móbil que facilite o rexistro detallado das follas de ruta. O sistema móbil estará enfocado para un uso moi sinxelo co que os propios condutores poidan rexistrar directamente cada día as follas de ruta e neste caso os responsables superiores non teñan que mecanizar todos os datos enviados, senón unicamente efectuar as verificacións e validacións que procedan

b) A tramitación administrativa e a adxudicación do contratos e/ou expedientes que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Pola Consellería de Medio Rural participarase na definición detallada dos novos requisitos a implantar, así como na validación dos módulos e aplicacións que se desenvolvan, para permitir así a verificación da correcta funcionalidade construída de acordo aos requisitos indicados, no marco do obxecto do acordo.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Medio Rural e AMTEGA sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima recollida na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, ou que requiran un incremento do orzamento asignado no presente acordo, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula e o financiamento relacionado.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da AMTEGA.



CUARTA. Previsións de desenvolvemento

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

QUINTA . Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2021.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na cláusula segunda.

SEXTA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados.

O conselleiro do Medio Rural

A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

José González Vázquez

Mar Pereira Álvarez

